
Presentación proxecto pioneiro de telexerontoloxía

- Actualizado (21.12.2005)

O Grupo de Xerontoloxía da Universidade da Coruña, xunto co CESGA e outras institucións e empresas galegas, presentaron esta mañá no Centro Xerontolóxico de Estancias Diurnas "La Milagrosa" da Coruña o prototipo dun proxecto pioneiro en telexerontoloxía.

Xestionar historiais clínicos, aplicar a teleestimulación cognitiva ou acceder a atención médica personalizada mediante videoconferencias son algunhas das posibilidades que ofrece o prototipo do proxecto pioneiro en telexerontoloxía, desenvolvido polo Grupo de Xerontoloxía da Universidade da Coruña coa participación do CESGA e doutras institucións e empresas galegas, e que foi presentado esta mañá na Coruña coa intervención dalgúns dos seus promotores.

A telexerontoloxía defínese como un sistema que permite valorar e tramitar as intervencións a domicilio dos problemas que afectan a persoas de avanzada idade por medio de redes de comunicacións dende unha central. O proxecto, resultado dun acordo inicial entre a Universidade e a Asociación de Pensionistas e Xubilados da Coruña, conforma na actualidade unha rede investigadora que ten como obxectivo avanzar no eido da asistencia sanitaria a distancia. Xunto cos seus promotores, participan o CESGA, o Grupo de Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo, a Obra Social de Caixa Galicia e a empresa galega de telecomunicacións Televés, co patrocinio da Dirección Xeral de I+D da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

Na presentación do proxecto interviron o coordinador do mesmo, o profesor José Carlos Millán Calenti; o director do CESGA, Javier García Tobío, para referirse aos antecedentes do proxecto como as liñas de investigación; a presidenta da UPD e do Centro Xerontolóxico La Milagrosa, María Luísa Ansorena; así como sendos representantes de Televés e da Universidade de Vigo, Jacobo Penide e Javier González Castaño.